

Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgasas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA CORPORACIÓN MUNICIPAL DE CERDIDO REUNIDA O DÍA VINTE E OITO DE NOVEMBRO DE DOUS MIL CATORCE

No salón de plenos do concello de Cerdido, ás doce horas do día vinte e oito de novembro de dous mil catorce, reúnen-se en primeira convocatoria os seguintes concelleiros que se citan a continuación: Juan José Ramos Prieto, José Esmoris Aldao, María José López Lamigueiro, Faustino Cebreiro Paz, Benigno Galego Castro Rocío Martínez Martínez baixo a Presidencia de Ana Rodríguez Montero como alcaldesa. Non acudiron, Cándido Eusebio Prieto Lago, e Jairo Orjales Sande. De seguido pásanse a debater os asuntos da orde do día: Non asistiu

1.- Aprobación se procede da acta do pleno do día trinta de outubro de 2014. Os membros do Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade aprobaron a acta anterior.

2.-Aprobación do POS 2015. Leída a proposta da Alcaldía do tenor literal seguinte: 1.- “Aprobar o **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2015**, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, no que se recollen as obras e subministracións que o Concello ten previsto realizar, ou a dedicación ao financiamento dos gastos correntes do exercicio 2015 ou a amortización anticipada da débeda, e de acordo co financiamento que se indica:

A) Realización de obras e subministracións:

Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Presuposto total
Camiño de cruce de Cruz Encarnada -Vilaravide a Vilela e de Vilela a Felgueira (A Barqueira) e outros	69.469,94	0,00	69.464,94
SUBTOTAL OBRAS / SUBMINISTRACIONES	69.469,94	0,00	69.464,94

Aprobar os proxectos das obras ou pregos das subministracións incluídos na anualidade 2015 e que se relacionan nesta táboa.

B) Financiamento de gastos correntes ou amortización de débeda:

	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes	46.318,30 €
Achega provincial aplicada á amortización anticipada de débeda	0,00 €
SUBTOTAL GASTO CORRENTE E AMORTIZACIÓN DÉBEDA	46.318,30

C) Resumo:

Denominación da obra	Deputación	Concello	Presuposto total
SUBTOTAL OBRAS /SUBMINISTRACIONES	69.464,94	0,00	69.464,94

SUBTOTAL GASTOS CORRENTES E AMORTIZACIÓN DE DÉBEDA	46.318,30		46.138,30
TOTAL			115.778,24

3.- Declarar que o Concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución das obras, e que ten resolto o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.4.- Comprometerse o Concello a incluír no orzamento municipal do 2015 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal das obras incluídas na anualidade do 2015 se a houbera.5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste Concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento ou, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións para a súa execución, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe. 7.- Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.8.- Facultar expresamente ao alcalde para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”**Os membros do Pleno en votación ordinaria e por maioría dos asistentes aprobaron a moción anterior** . Cinco votos a favor dos Concelleiros Juan José Ramos Prieto , José Esmorís Aldao, María José López Lamigueiro, Faustino Cebreiro Paz, e o voto da alcaldesa Ana Rodríguez Montero e dúas Abstencións dos concelleiros Benigno Galego Castro e Rocío Martínez Martínez

A alcaldesa , toma a palabra para explicar os investimentos que se inclúen no proxecto dos que se remitiu unha copia explicativa a cada concelleiro que figura como memoria do proxecto .


O concelleiro Benigno Galego Castro intervén para solicitar a aclaración dalgúns dos seguintes investimentos

En relación o camiño do cruce de Cruz Encarnada , fálase dunha previa reposición de baches e non entende como esta partida porque se acaban de reparar .A alcaldesa explica que houbo que reparar esta pista porque estaba desfeita pero cando se realice este investimento repararase moito mellor

Na Felgueira onde esta o limite do investimentos ? A alcaldesa explica que o limite do Concello de Cerdido é o río e que o noso empeza na ponte

Estableces un intervención en 75 metros cadrados de sobreanchos ,na pista de Vila da Igrexa o río e solicita que se lle aclare este concepto . A alcaldesa explica que ela non vai a medir e que isto o pon o técnico

No camiño interior nas Cabanas hai un tramo de 15x10 metros e unha canalización de 5 metros de taxa , onde se realizan estes investimentos . O concelleiro Juan Ramos Prieto afirma que se trata do camiño que esta xunto a casa de Rosana e na cheminea e que a taxa que xa existe túpese moi a miúdo



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgasas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

A que se debe optar por aglomerado en quente nunha pista que esta moi pouco transitada no Castro ? A alcaldesa explica que se optou por esta pista porque é pequena ,e necesitamos saber si compensa botar o aglomerado en quente e os seu resultados ,xa que e moito mais caro .

A ampliación de auga a Requeirolongo e non a a outros sitios que a solicitaron e porque ven no proxecto a unha profundidade de 1,50 m cando no se fai, sendo recomendable poñela a 50 cm como recomendación do fabricante para podela garantir A alcaldesa explica que este investimento débese a que un veciño solicitou auga para unha finca que é edificable e que se algún veciño solicita a auga e un investimento prioritario e tratase de dar . Nas Travesas en principio pediron a a agua pero cando se lle dixermos que tiñan que darse de alta dixeron que non a querían .En canto a profundidade da tubeira é certo que 1,50 e moita profundidade o que dificulta atopar algunha averia e que depende moito do solo , porque as veces hai moita rocha e é inviable .

E , non habendo mais asuntos que tratar a Presidencia deu por rematada a sesión sendo as trece horas e dez minutos do día vinte e oito de novembro de 2014. Do que eu como secretaria dou fe :

A secretaria

A alcaldesa

Paula Díaz Tie

Ana Rodríguez Montero